

# Bibliotecas galegas

## Enredad@s co patrimonio?

CONCHA VARELA OROL

*Para a Biblioteca Penzol, agardándoa na rede.*

**Q**ue cousa é o patrimonio bibliográfico? Cando alguén se fai esta pregunta, a resposta máis inmediata adoita ser pensar nos libros antigos, aínda que esta resposta leva inmediatamente a outra: ata canto de antigos? Posiblemente o seguinte paso, se xa non foi o primeiro, é acudir á lexislación correspondente e a partir de aí intentar delimitar as pezas bibliográficas que o constituirían. Imos comezar aquí por este segundo paso.

Para a Lei 8/1995 do Patrimonio cultural de Galicia, artigo 75, o patrimonio bibliográfico está en esencia constituído por fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas e obras literarias, científicas, artísticas, históricas, manuscritas, impresas, fotográficas, cinematográficas, fonográficas e magnéticas, das que non se coñeza a existencia de polo menos tres exemplares en bibliotecas ou servizos públicos, e obras que teñan máis de cen anos, así como fondos que por algunha circunstancia formen un conxunto unitario. É dicir, a lei baséase fundamentalmente en dous criterios: a rareza e a antigüidade das obras.

En canto ao primeiro criterio, a rareza dos exemplares, unha transposición fiel do indicado pola Lei 16/1985 do Patrimonio histórico español, parece de relativa fácil aplicación na xestión dos bens patrimoniais, aínda que a lei galega non nos indica o territorio das bibliotecas ou servizos públicos onde deben de atoparse os tres exemplares. Con todo, unha perspectiva científica sobre o criterio mostraría rapidamente que no caso dos fondos antigos ata a mecanización da imprenta, os exemplares son todos únicos, froito dunha elaboración artesanal e en moitos casos dotados de marcas de propiedade, adquisición ou lectura, da maior importancia dende o punto de vista da

historia cultural e de recepción das ideas, cando non de encadernacións únicas, como ben mostrou o informe dirixido por Louis Desgraves en 1982 para a Direction du livre et la lecture francesa<sup>1</sup>. Por outra parte, o carácter masivo dos instrumentos de control de que dispoñen as bibliotecas, principalmente os catálogos colectivos existentes, sen negarlles o seu alto valor como instrumentos de localización, carecen de diferenciacións a nivel de emisión da obra, e en moitas ocasións non indican trazos diferenciadores ou non permiten consualos.

Máis discutible aínda encontramos o segundo criterio, porque resulta dificilmente comprensible e aplicable para bibliotecarios e usuarios que o ben de cen anos estea protexido e o de noventa e nove non, aínda que este criterio fora xa recollido na lei española 26/1972 para a Defensa do Tesouro Documental e Bibliográfico da Nación. Por outra parte, os libros de artistas, edicións de bibliófilos, obras importadas doutros países, rexistros sonoros únicos, etc., teñen tamén un carácter único que xa foi resaltado no informe francés que vimos de citar.

En canto ao último criterio, a expresión “por algunha circunstancia formen un conxunto unitario” é francamente ambigua, aínda que podería amparar todas as bibliotecas e coleccións, tal e como aparece na lei 16/1985 do Patrimonio histórico español no caso das de titularidade pública, pois non hai dúbida de que nas bibliotecas e coleccións privadas, aínda sendo as obras froito de carrexos diversos, os fondos acaban a través do tratamento bibliotecario adquirindo un sentido único.

Pois ben, con estes vimbios legais, as bibliotecas galegas, universitarias, especializadas ou

públicas, teñen que enfrontarse a un rico patrimonio, froito de diversas incautacións, nomeadamente a expulsión dos xesuítas e a desamortización de Mendizábal, así como de achegas de doadores, en moitos casos orixe da súa creación. Fóra das breves indicacións do artigo 75 da lei, e as non menos breves dos artigos 50 e 51 referidas ao patrimonio moble, as bibliotecas deben manter e poñer en servizo os fondos patrimoniais que posúen, sen apenas directrices, dende logo difíciles de establecer e, sobre todo, deben decidir á hora de construír as coleccións como incrementar este patrimonio, e como fomentar o acceso ao mesmo, garantido polas leis, para que a cidadanía poida sentir como propios os bens culturais, sen o que, como sinalou a Unesco, non será posible a súa conservación e fomento<sup>2</sup>.

A ninguén se lle oculta o desafío que as novas tecnoloxías supoñen para as bibliotecas. No caso do patrimonio, os retos prodúcense fundamentalmente en dous campos. En primeiro lugar, tales tecnoloxías dan orixe á existencia dun patrimonio distinto, o patrimonio dixital, sobre o que en Galicia aínda non se desenvolveu ningunha política e as bibliotecas carecen de pautas que seguir, aínda cos contidos por elas producidos. En segundo lugar, a rede introduce un novo espazo de servizos, onde con frecuencia “os competidores” contan con recursos e destrezas inalcanzables para as bibliotecas, cuxos públicos son agora máis deslocalizados e descoñecidos, diversos en canto aos usos que fan da rede, e cunha maior formación educativa. Porén, todos sabemos que ninguén pode resistir hoxe fóra da rede. Por isto, aínda que se trate dun punto de vista parcial, imos analizar aquí a presenza das coleccións patrimoniais das bibliotecas galegas a través da análise da súa participación na rede (sedes web, blogs, redes sociais), e non só con vistas a coñecer a imaxe que elas queren dar destas coleccións e a atención que prestan á difusión das mesmas, senón tamén para saber que entenden as bibliotecas como patrimonio bibliográfico, pois, como sinala a Unesco, “o valor do patrimonio tamén pode corresponder ao que considera importante un grupo o unha comunidade en particular, e os elementos que o constitúen poden superar os límites definidos polas lexislaciones nacionais ou as convencións internacionais”<sup>3</sup>.

**Concha Varela Orol é doutora en Historia e membro do corpo facultativo de Arquivos e Bibliotecas.**

Na actualidade é profesora da Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña.

Publicou diversos libros e artigos sobre historia das bibliotecas e das ciencias documentais, así como sobre xestión de bibliotecas.

The screenshot shows the website for the Nodal Library of Ourense. The header includes the logo of the Galician Network of Libraries and the text 'Biblioteca Nodal de Ourense'. Below the header, there is a main banner for 'Xornadas de Formación no Programa de automatización' with a sub-header 'Proceso aberto de convocatoria para asistencia ás xornadas de formación no Programa de automatización da Rede de Bibliotecas de Galicia'. The main content area is divided into three columns: 'A biblioteca', 'Pesquisas', and 'Xestións en liña'. Each column contains a list of links and services.

1. Desgraves, Louis (dir.). “Rapport au Directeur du livre et de la lecture sur le patrimoine des bibliothèques”, *Bulletin des Bibliothèques de France* 27, 12 (1982), pp. 657-688.

2. Unesco. “Recomendación sobre la protección de los bienes culturales muebles”. Disponível en:

[http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL\\_ID=13137&URL\\_DO=DO\\_TOPIC&URL\\_SECTION=201.html](http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL_ID=13137&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html) [consulta: 10-I-2013].

3. Unesco. “Noción de patrimonio digital”. Disponível en:

<http://www.unesco.org/new/es/communication-and-information/access-to-knowledge/preservation-of-documentary-heritage/digital-heritage/concept-of-digital-heritage/> [consulta: 8-I-2013].

## A biblioteca construtora de identidade

Na análise que imos realizar teremos en conta fundamentalmente o tratamento ofertado na rede polas bibliotecas galegas a dous tipos de fondos, xeralmente denominados como fondos antigos e fondos locais. Os primeiros, incluídos como vimos na lexislación patrimonial, son a orixe de moitas das bibliotecas existentes e chegaron a elas por adquisición e doazón ao longo da súa historia. Os segundos, non incluídos na lexislación patrimonial galega, pero considerados cando proveñen do Depósito Legal como a base de construción dos bens patrimoniais dende hai anos<sup>4</sup>, son obxecto dunha xestión específica nas bibliotecas que significa un recoñecemento patrimonial.

Os denominados “Fondos locais” ou “Sección local” (tradución do inglés *local collections*) teñen a súa orixe en propostas nadas no século XIX no Reino Unido como un conxunto de recursos ao servizo da integración comunitaria. O termo fondos locais no contexto das bibliotecas ten diferentes interpretacións na práctica bibliotecaria, como veremos nas propias bibliotecas galegas. Para unhas queda limitado á súa localidade, máis frecuentemente á provincia, ou ás obras ingresadas por Depósito Legal, e para outras abranquen a totalidade da súa comunidade.

En España esta colección está adquirindo nas dúas últimas décadas unha especial relevancia nas bibliotecas públicas, como queda patente ao revisar os relatorios e comunicacións presentadas aos congresos do sector dos últimos anos. En todo caso, a súa importancia está presente nos documentos programáticos das bibliotecas, dos que sirva como exemplo:

A biblioteca pública ten a responsabilidade particular de recoller información local e de facela facilmente accesible. Actúa igualmente como memoria do pasado recollendo, conservando e brindando acceso a materiais relacionados coa historia da comunidade e das persoas. Ao proporcionar moi diversas informacións ao público, a biblioteca axuda á comunidade a celebrar debates e adoptar decisións con fundamento sobre cuestións clave<sup>5</sup>.

Se o fondo local actúa como memoria do pasado e ofrece solucións ao presente, non menos certo é que os denominados fondos antigos actúan en igual sentido, xa que, aínda que procedentes doutros países, recíbense e intégranse no coñecemento da comunidade en momentos históricos determinados, adquirindo sentido no conxunto da colección bibliográfica. Ou é que acaso non ten valor patrimonial a recepción e difusión en Galicia de *A orixe das especies* de Darwin?

Polo tanto, ambos os fondos deben ser considerados fondos patrimoniais, aínda que, debido ás súas características, cada un deles poida requirir tratamentos específicos nas bibliotecas. Pero hai poucas dúbidas de que ambos están ao servizo da construción da identidade, e ambos deben ser conservados polas bibliotecas, como sinalan as directrices IFLA/Unesco xa citadas:

A colección debe entenderse como un ben de uso orientado ao servizo, e non tanto como un ben inventariable e de conservación, agás no que concirne ao patrimonio bibliográfico e á colección local.

## As bibliotecas públicas

No artigo diferenciaremos tres tipos de bibliotecas, posto que presumimos que poden ofrecer trazos distintos no tratamento do patrimonio en razón das funcións que tradicionalmente lles correspondían, unhas razóns tamén hoxe esvaecidas grazas aos usuarios internautas e a unha poboación máis culta e informada polos avances educativos. As tres tipoloxías en que agrupamos esta achega son: as bibliotecas públicas; as bibliotecas universitarias; e a biblioteca nacional, denominada Biblioteca de Galicia, con especial responsabilidade neste campo.

O sector das bibliotecas públicas é o máis numeroso de Galicia, pois del forman parte as denominadas na recente Lei de Bibliotecas de Galicia como bibliotecas centrais territoriais, centrais municipais, de proximidade, locais e servizos mobiles, pendente aínda da adscrición de cada biblioteca a cada un destes tipos. Deste conxunto centrarémonos na ata agora denominadas bibliotecas nodais, as das catro capitais de provincia e a central de Vigo, receptoras do Depósito Legal. Tamén revisamos os sitios webs e blogs das bibliotecas municipais galegas recollidos no sitio *Red de sedes web da biblioteca pública*, do Ministerio de Educación e Cultura<sup>6</sup>.

As cinco bibliotecas nodais analizadas teñen o seu sitio web no servidor da Rede de Bibliotecas de Galicia<sup>7</sup>, unha sede cun esquema de contidos xeral para todas as bibliotecas, aínda que, como veremos, hai diferenzas entre o tipo de información achegado por cada unha. Aínda que a páxina principal dos sitios web destas bibliotecas é atractiva, con contidos dinámicos e está ben categorizada e organizada, botamos de menos unha sección que reúna a información sobre o patrimonio, que se atopa, cando está presente, dispersa en distintos lugares, así como outros aspectos formais, pero de interese, como a indicación dos autores do material do sitio, contador de visitas, data de revisión do contido, etc., todos eles considerados indicadores de calidade na avaliación de sedes webs.

The screenshot shows the website 'Biblioteca de Galicia' with the following structure:

- Header:** Logo 'Biblioteca de Galicia' and 'Rede de Bibliotecas de Galicia' on the left; 'XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO' on the right.
- Navigation:** 'Inicio' and 'Galego | Español'.
- Main Content:**
  - Sedes web das bibliotecas:** 'Coleccións' (Catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia), 'Coleccións Dixitais' (Atopa textos dixitais, libros electrónicos, webs recomendadas), 'Pregunte, as bibliotecas responden', 'Ligazóns de interese' (Prazadas Letras, galicia móvese).
  - Novidades:** 'Mais prestados', 'Promoción da lectura' (Letras Vivas, Catálogo de Letras Vivas Creación, Catálogo de Letras Vivas Animación, Axenda de celebracións de actividades nas bibliotecas), 'Novas' (Informe do comercio interior do libro en Galicia 2011, Aceso ao informe, Estatísticas de Bibliotecas Públicas).
  - Bibliotecas:** 'Estatísticas e informes', 'Lexislación', 'Bibliotecarios' (Biblioteca profesional, Axudas, subvencións, SIS, Grupos de traballo, Manuais de Proced., Formación, Recursos, CAU), 'Animadores / Creadores' (Ofertar actividades de Letras Vivas, Ver actividades), 'Editor, Impresor' (Solicitudes Depósito Legal, Depósito Legal).

Sen dúbida, a sección na que as bibliotecas teñen a oportunidade de mostrar a súa identidade é a titulada “Quen somos”, e a través dela imos analizar ata que punto as bibliotecas se identifican co patrimonio que posúen. Algunhas destas bibliotecas baixo este apartado dan unha información básica da súa historia, aínda que en ocasións se limita a sinalar a data de nacemento e o seu discorrer por distintos edificios das cidades. Nesta sección a información sobre fondos patrimoniais é escasa, coa excepción das bibliotecas de Lugo e Pontevedra, onde destacan distintas achegas patrimoniais que conformaron os fondos, así como, na última, o número de manuscritos, incunables e libros dos séculos XVI a XVIII. En calquera caso, ningunha destas páxinas fornece referencias bibliográficas sobre a historia da biblioteca ou das súas coleccións, outro indicador que adoita valorarse na avaliación das páxinas.

Parécenos interesante analizar outras seccións do sitio web porque cara a entender o concepto de patrimonio con que xestionan os fondos as bibliotecas, están presentes prácticas que mostran unha patrimonialización das coleccións. As dúas bibliotecas que vimos de sinalar son tamén as que ofrecen maior información no apartado “Que ofre-

O sector das bibliotecas públicas é o máis numeroso de Galicia, pois del forman parte as denominadas na Lei de Bibliotecas de Galicia como bibliotecas centrais territoriais, centrais municipais, de proximidade, locais e servizos móbiles

- Vitiello, Giuseppe. “Politique et législation des bibliothèques (Seconde partie)”, *Bulletin des bibliothèques de France* 45, 6 (2000), pp. 4-14.
- Ifla/Unesco. “Directrices IFLA /UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas”. Disponível en: <http://www.google.es/url?sa=t&rc=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0CDEQFjAA&url=http%3A%2F%2Funesdoc.unesco.org%2Fimages%2F0012%2F001246%2F124654s.pdf&ei=aEkKUBqtIo2ChQfapICYDg&usg=AFQjCNF59VgBjK3z2wtp0EKfL1jLmMix8Q&sig2=6GlpjZw48Zm-MtaIse25Dg> [consulta: 20-I-2013].
- <http://www.bibliotecaspublicas.es/index.jsp?pw=0&lengua=cas>.
- <http://rbgalicia.xunta.es>.

cechos” baixo a epígrafe “Fondos”, neste caso a Biblioteca de Lugo separa en dous grupos as obras patrimoniais que analizamos con epígrafes para “Fondos especiais” e “Sección Local”, destacando tamén estes fondos na epígrafe de “Publicacións periódicas”.

No mesmo apartado, pero baixo a epígrafe “Servizos” fai referencia a Biblioteca da Coruña aos seus fondos patrimoniais, especificando a obriga de consultalos na sala. Entre estes fondos inclúe o fondo antigo e a sección local, ofrecendo o mesmo tipo de consulta para os que denomina “fondos especiais” (facsimiles, doazóns de relevancia, obras con anotacións manuscritas, etc.). Ademais da clara consideración patrimonial dos fondos locais por parte desta biblioteca, considera dentro da sección todos os fondos galegos, aínda que posúe tamén este tipo de obras na súa colección de préstamo.

Tamén a Biblioteca de Pontevedra duplica parte dos seus fondos locais para préstamo, constituíndo a sección local só con fondos pontevedreses. Require tamén a consulta na sala para os fondos anteriores a 1930 e algúns outros fondos especiais.

Parecería lóxico que na sección “Recursos electrónicos en liña”, ou nas súas variantes “Biblioteca dixital” ou “Recursos en liña”, as bibliotecas ofrecen enlaces a recursos patrimoniais dixitalizados, como Galiciana, Europeana, etc., ou aos existentes noutras institucións culturais. As epígrafes, en moitas delas, enlazan directamente co portal da Rede de Bibliotecas de Galicia, sendo a Biblioteca de Vigo a que realizou no seu sitio web un maior número de enlaces a portais relacionados co patrimonio (Biblioteca Digital del Patrimonio Iberoamericano, Patrimonio Mundial de la Unesco, Portal de Archivos de Galicia). Non deixa de chamar a atención que ningunha das bibliotecas públicas estudadas faga enlaces con Galiciana (algunhas si os fan coa Biblioteca Dixital de Galicia, un sitio web do desaparecido Centro Superior Bibliográfico), Hispana, etc., ou con outros sitios relativos ao patrimonio galego (Patrimonio galego.net, asociacións culturais galegas en defensa do patrimonio, etc.).

Soamente dúas bibliotecas ofrecen un enlace diferenciado dos seus propios recursos dixitalizados. Trátase da Biblioteca da Coruña, que ten depositados nun servizo de almacenamento de fotografías de internet a colección de carteis, así como un folleto explicativo da colección. A Biblioteca de Lugo ofrece dous enlaces para a consulta da súa prensa dixitalizada accesible en parte na Biblioteca Virtual de Prensa Histórica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e, en parte, no Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Non se entende por que non hai un acceso

conxunto ás coleccións dixitalizadas de cada biblioteca pública na súa propia sede web, ademais das conxuntas que poidan ofrecerse en repositorios, catálogos colectivos, etc.

Soamente unha biblioteca, a de Lugo, inclúe entre as súas actividades unha que teña que ver cos fondos patrimoniais: a realización da exposición “A imprenta en Lugo: unha historia”, celebrada en decembro de 2012.

En xeral, polo visto ata agora, hai pouca información nas bibliotecas nodais sobre esa parte das súas coleccións patrimoniais que denominamos fondos antigos, pero a sección local adoita aparecer en todas as bibliotecas no apartado de “Fondos”, aínda que ás veces sexa exclusivamente para indicar as condicións da consulta. Así ocorre na Biblioteca Central de Vigo, onde a única referencia ao fondo antigo e local é para indicar que se consulta na sala de investigadores. A Biblioteca de Ourense carece de todo tipo de información respecto ao patrimonio. Tampouco hai enlaces suficientes a outras coleccións e repositorios patrimoniais, e son practicamente inexistentes na rede as actividades ao redor dos fondos patrimoniais. A revisión da súa participación en redes sociais tampouco mostra actividades realizadas a través dos seus fondos patrimoniais, aínda que nalgúns casos si ofrecen información sobre actuacións ao respecto da súa comunidade.

Os sitios web das oito bibliotecas municipais que posúen enlace no recurso sinalado non difiren en cinco casos substancialmente do que atopamos ata aquí nas bibliotecas nodais en relación ao contido patrimonial: breve historia da biblioteca (bibliotecas municipais da Coruña, Biblioteca Municipal de Ferrol), posta de relevo do fondo local (bibliotecas municipais da Coruña, Biblioteca Municipal de Ferrol, Biblioteca Municipal de Tui, Biblioteca Municipal do Porriño, Biblioteca Municipal de Cangas), e poucos enlaces a recursos patrimoniais. Nas bibliotecas municipais da Coruña dáse acceso dentro do fondo local a distintas guías de lectura elaboradas pola biblioteca, nalgúns casos relacionadas coa historia de personaxes ou institucións da cidade, e na sección de enlaces, non moi numerosos, hay que destacar que se inclúen institucións e asociacións da cidade relacionadas co patrimonio, indicando tamén no apartado de “Bases de datos” a existencia dun catálogo de fondo antigo.

Nos blogs e nas redes sociais das bibliotecas municipais atopamos a mesma información que xa viramos nas bibliotecas nodais. Porén, hai que destacar que algunha destas bibliotecas elabora información local sobre patrimonio inmovible ou inclúen enlaces á mesma (bibliotecas municipais de Moaña e Tui).



galego | español | english

galiciana Biblioteca de Galicia

Contacto  
Agregador de RSS

Presentación | Busca | Busca avanzada | Hemeroteca | Títulos | Autores | Lugares | Editores | Materias | Estadísticas



**Presentación**

Galliciana é a Biblioteca Dixital de Galicia impulsada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** da Xunta de Galicia e a **Fundación Cidade da Cultura** e xestionada pola Biblioteca de Galicia co obxectivo de difundir e preservar o rico acervo bibliográfico galego.

O proxecto pretende non só a dixitalización dos fondos senón tamén a normalización do acceso mediante a aplicación de normativas abertas e internacionais, co fin de facilitar a máxima visibilidade da biblioteca e de cada unha das súas obras.

**Galliciana participa en:**

Galliciana integra, ademais de fondos da propia Biblioteca de Galicia, recursos das principais bibliotecas patrimoniais galegas e de centros galegos en América. Intégrase en **Hispana**, o directorio e colleiteiro de recursos dixitais españois e en **Europeana**, a Biblioteca Dixital Europea xurdida como unha forma de contribuír á preservación e difusión do patrimonio bibliográfico e co fin de mostrar ao mundo a riqueza cultural dos pobos de Europa.

**Destacados**

 **Hispana**

 **Europeana**

 **Cartografía Antiga de Galicia**

## Bibliotecas universitarias

Como é lóxico, a Biblioteca Universitaria de Santiago é a que achega máis información sobre o seu patrimonio, mentres que a da Universidade da Coruña límitase a incluír no regulamento dispoñible no seu sitio web información sobre a exclusión de préstamo dos libros antigos e raros, e a da Universidade de Vigo non achega ningunha información ao respecto. Segundo datos de Rebiun, a primeira posúe 48.097 anteriores a 1900, a segunda 1.305 e a terceira 666<sup>8</sup> obras presentes nas bibliotecas analizadas, aínda que é preciso matizar que estes datos corresponden a manuscritos e impresos ata 1900, e que Rebiun contempla outros tipos de fondos como constitutivos do patrimonio nas normas redactadas para este tipo de bibliotecas<sup>9</sup>.

Dada esta desproporción nas súas coleccións patrimoniais, centraremos a nosa análise na Biblioteca Universitaria de Santiago. O sitio web desta biblioteca ofrece un conxunto de información relacionado coas súas coleccións patrimoniais baixo a sección “A biblioteca”, tanto na páxina “Presentación” como na da “Biblioteca Xeral” na epígrafe “Bibliotecas”, onde fai referencia á súa orixe e fondos, aínda que lamentablemente con erros históricos. Outras dúas bibliotecas aluden aos seus fondos patrimoniais: a Biblioteca Concepción Arenal e a Biblioteca de Ciencias da Educación. En ningunha das páxinas se introduce bibliografía respecto á informa-

ción proporcionada, nin se citan os catálogos ou guías impresas das súas coleccións, proporcionando estes un coñecemento global destas que é imposible obter nun catálogo automatizado. Tampouco están presentes outros indicios de calidade, cuxa ausencia xa comentabamos no caso das bibliotecas públicas: indicación dos autores do material do sitio, contador de visitas, data de revisión do contido, etc.

A biblioteca non proporciona tampouco ningún enlace a sitios web relacionados co patrimonio, non incluíndo na súa páxina principal enlaces a Galliciana, Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego, Europeana, Hispana, sitios onde os seus fondos están presentes. Só dentro da epígrafe “Actividades” dá acceso a documentos relacionados co fondo patrimonial, especialmente ás bibliografías elaboradas sobre o Día das Letras Galegas.

Tampouco é maior a difusión dos fondos patrimoniais desta biblioteca, se observamos os

8. Rebiun: “Anuario de las bibliotecas universitarias y científicas españolas 2009. Datos”. Disponible en: <http://www.rebiun.org/ORGANIZARDOCUMENTOS/antior estadisticasypublicaciones/anuario estadisticos.html> [consulta: 19-I-2013].

9. Rebiun: *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas*. 2ª ed. aum. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura, 1999.

Crear contidos na rede implica traballar contidos nos espazos propios na rede aos que se lles dea visibilidade a través de maior hipertextualidade e contextualización dos recursos. Implica integrar imaxes, vídeo, audio, realidade aumentada, etc., e dar acceso aos fondos dixitalizados, pero tamén presenza permanente dos materiais elaborados para as exposicións e, sobre todo, buscar a converxencia con outras institucións patrimoniais e a colaboración da comunidade de usuarios

seus blogs (Fonseca, Fonte Limpa), a súa canle en YouTube, mensaxes en Facebook, etc.

Máis sorprendente é que se proporcione moi pouca información sobre a súa colección de fondos de Galicia, que durante anos supliu a carencia dunha biblioteca nacional, nin poña en valor a súa base de datos de fondos galegos, non só polos seus importantes fondos, senón pola análise que nela se realiza a nivel de artigos, partes de libros, etc.

Tampouco proporciona información sobre os fondos dixitalizados que están accesibles no catálogo en liña da biblioteca, nin nas páxinas indicadas nin en ningunha páxina de axuda, titoriais, sección “Recursos electrónicos”, etc. Os usuarios non poden saber con que criterios se realizou a selección das obras, que temáticas, períodos de publicación, tipo de materiais, etc., están dixitalizados. Se acceden ao catálogo dende a páxina principal só poderán saber da súa existencia abrindo o despregable de distintas pestanas nos dous sistemas de busca no catálogo ou se acceden a un rexistro bibliográfico que teña asociado un ficheiro da obra dixitalizada.

A Biblioteca Universitaria da Coruña, cuns fondos patrimoniais limitados, posúe a páxina de enlaces a bibliotecas virtuais máis completa das bibliotecas galegas, en número de 34, a maioría deles correspondentes a fondos patrimoniais, así como enlaces a catálogos de bibliotecas, entre os que tamén son numerosos os catálogos e repositorios de fondos patrimoniais (Galiciana, Biblioteca Dixital Mundial da Unesco, bibliotecas do Museo do Pobo, Academia Galega, Instituto Padre Sarmiento, Catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico Español, etc.). Cómpre dicir tamén que os seus blogs e as súas mensaxes nas redes sociais non abundan no tema patrimonial, aínda que están presentes algunhas novas referidas ao patrimonio.

En resumo, podemos dicir que ningunha das bibliotecas universitarias galegas fai uso das súas coleccións patrimoniais como unha das súas for-

talezas, o que é especialmente rechamante no caso da Biblioteca Universitaria de Santiago, non só pola importancia das súas coleccións, senón tamén porque no seu plan estratéxico 2011-2014 figura como primeiro obxectivo contribuír á “difusión e visibilización” da produción científica e do patrimonio bibliográfico da Universidade e faise relación ao mesmo en distintos obxectivos do período.

### A Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia preséntase en público dun xeito moi particular. En primeiro termo porque hai dous sitios web aos que é posible acceder: un baixo o título “Biblioteca Dixital de Galicia” atribuído ao Centro Superior Bibliográfico, e outro coa denominación “Galiciana. Biblioteca de Galicia”, que na súa presentación di ser a biblioteca dixital de Galicia. Centrarémonos neste último. Na presentación do sitio límtase a sinalar que integra fondos da Biblioteca de Galicia, das principais bibliotecas patrimoniais de Galicia e de centros galegos en América. Cales son esas bibliotecas e centros, non o sabemos; cales os fondos dixitalizados ou se hai coleccións completas de bibliotecas dixitalizadas, tampouco o sabemos; con que criterios se fai a selección e cal é a prioridade, ignorámolo; e só na páxina de estatísticas podemos saber os números que corresponden a cada un dos tipos de materiais dixitalizados, en total uns 4.000 títulos. Non imos analizar aquí, por falta de espazo, o sistema de busca nin os seus resultados. Abóndanos dicir que se o usuario precisa acudir ao exemplar, non ten forma de saber en que biblioteca galega ou americana se atopa, a non ser que teña a sorte de ser quen de ler algún dos selos de propiedade que marcan o exemplar do libro, folleto ou revista. Mal comezo para a que, segundo a Lei de Bibliotecas, manterá relacións de colaboración cos centros e organismos que teñan obxectivos comúns con ela.

Polo demais non hai ningunha outra información no sitio web dos proxectos da Biblioteca de Galicia. Buscando na rede atopamos material, supoñemos que elaborado pola Biblioteca de Galicia<sup>10</sup>, sen asinar, colgado pola Biblioteca Nacional de España e identificado como presentado na Xornada sobre Difusión da Biblioteca Dixital Mundial da Unesco que tivo lugar na BNE o 5 de xuño de 2012. Nel afirmase, falando das bibliotecas denominadas “autonómicas” (tipoloxía bibliotecaria *Made in Spain*), e baixo o título de diapositiva “Biblioteca de Galicia”: “Teñen un papel complementario en ocasións, noutros específico na política de recuperación e difusión do patrimonio”. Non sabemos se a Biblioteca de Galicia asume un papel complementario ou específico. O que si sabemos é que a Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia sinala que o patrimonio bibliográfico será obxecto de normas específicas, pero aínda así cita dezoito veces no seu texto o devandito patrimonio, dúas en relación ás bibliotecas públicas e sete en relación coa Biblioteca de Galicia.

## Cara ao futuro

Polo visto ata aquí podemos concluír que as bibliotecas analizadas non sempre coinciden no seu concepto de patrimonio bibliográfico, a información que proporcionan sobre este está moi dispersa nos seus sitios web, e teñen un nivel de actuación moi limitado en relación a el. Aproveitan pouco a fortaleza que este supón para elas e para a súa comunidade, e o uso que fan dos contidos da rede para potencialo, incluídos os doutras institucións e organizacións que traballan co patrimonio galego, é francamente escaso. Polo tanto, urxe estar en disposición de poder abordar un novo camiño que dea moita máis presenza ao patrimonio bibliográfico na rede. E para isto as bibliotecas contan fundamentalmente con dúas estratexias: crear contidos e enlazar contidos.

Crear contidos na rede implica traballar contidos nos espazos propios na rede (web, blogs, redes sociais) aos que se lles dea visibilidade a través de maior hipertextualidade e contextualización dos recursos (unha boa práctica neste aspecto é a do Museo Arqueolóxico de Ourense coa sección “Peza do mes”). Implica integrar imaxes, vídeo, audio, realidade aumentada, etc., e dar acceso aos fondos dixitalizados, pero tamén presenza permanente dos materiais elaborados para as exposicións (vídeos, paneis, textos, catálogos) e, sobre todo, buscar a converxencia con outras institucións patrimoniais e a colaboración da comunidade de usuarios (*crowdsourcing*) na conciencia de que ninguén é central na rede (fóra Google), senón que cada creador de conti-

dos é un nodo que enriquece a rede. Un exemplo destes traballos a partir do patrimonio bibliográfico son *Almirall. Portal de pensamiento y cultura del siglo XIX*, do Ateneo de Barcelona, realizado en colaboración cun grupo de investigación da Universidade de Barcelona e bibliotecas catalás<sup>11</sup>, que constitúe un bo exemplo para bibliotecas universitarias e para Galiciana. Como práctica de *crowdsourcing* hai que destacar a levada adiante pola Biblioteca Nacional de Finlandia, onde se busca mediante videoxogos a participación dos internautas para corrixir os erros dos textos das súas dixitalizacións obtidos con OCR<sup>12</sup>.

Pero crear contidos implica tamén saír a outros nodos de contidos para estar presentes con información de calidade. Ningunha das bibliotecas que analizamos está na data deste traballo en *Galipedia* nin na *Wikipedia* en español, a non ser as bibliotecas municipais da Coruña. Sería un primeiro paso; outros xa dados serían impulsar e colaborar en “localpedias”, cedendo materiais dixitalizados e achegando contidos. A alianza entre o *Portal BAM (Bibliotheken, Archive or Museen)* e a *Wikipedia* alemá, enlazando esta contidos do primeiro, indica que hai un longo camiño nesta desexable colaboración. Citamos as wikipedias pola súa importancia como traballo colaborativo e uso na rede, pero hai outros proxectos semellantes que non deberíamos esquecer. Sirva de exemplo *patrimoniogalego.net*.

Enlazar contidos significa non só poñer a disposición enlaces a contidos patrimoniais doutras institucións da memoria, senón enlazar contidos propios con contidos doutros. Supón tamén facer presentes na páxina principal da web, nos blogs e nas redes sociais as actividades que realizan outras institucións e asociacións ao redor do patrimonio proporcionando o enlace correspondente.

Son algúns exemplos que serven para enredarse co patrimonio e, ao tempo, adquirir conciencia de que é o principal recurso que teñen as bibliotecas para dar servizo á súa comunidade e preservar un espazo propio na rede ■

10. Biblioteca Digital de Galicia. <http://www.slideshare.net/bne/biblioteca-digital-de-galicia-galiciana> [consulta: 18-I-2013].

11. Vicente Hernández, Lluís: “Proyecto Almirall: posada en valor del patrimonio”, *BiD: textos universitaris de biblioteconomia i documentació* 28 (2012). Disponible en: <http://www.ub.edu/bid/28/vicente1.htm> [consulta: 10-I-2013].

12. <http://www.nationallibrary.fi/infoe/uutiset/129723695390.html> [consulta: 20-I-2013].